

ARTIGO QUINTO: OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagamento nace no momento en que se produza a entrega dos produtos ó obrigado ó pago, se ben este Concello poderá esixir o depósito previo no momento da solicitude.

ARTIGO SEXTO: NORMAS DE XESTIÓN: PAGAMENTO.

O pago do prezo público farase no momento da entrega, sen prexuízo da posibilidade do depósito previo sinalado no artigo anterior.

As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo esixiranse por Vía de prema de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**25º.—ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO
POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR.**

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E CONCEPTO.

De acordo co establecido polo artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese ó prezo público pola prestación do servizo municipal de axuda no fogar, a través do Servizo Social de Atención Primaria do Concello e consonte así mesmo co disposto no Regulamento do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) deste Concello de Cambados.

ARTIGO 2º.—OBRIGADOS Ó PAGO.

Estarán obrigados ó pago do prezo público que se establece, aquelas persoas que soliciten a prestación do servizo de axuda no fogar, rexéndose a súa contía, polos baremos establecidos no anexo I do Regulamento regulador do servizo.

ARTIGO 3º.—CONTÍA.

1. Para a determinación do importe da prestación do SAF, establécese o prezo da hora nas seguintes contías:
 - Servizo básico.
 - Días laborables: 13,96 €/h
 - Días festivos y fines de semana: 16,09 €/h
 - Servizo de dependencia.
 - Días laborables: 13,70 €/h
 - Días festivos y fines de semana: 15,81 €/h
2. A contía da aportación familiar ó custo do servizo, virá determinada polo importe total dos ingresos familiares e do número de horas da prestación do SAF, de conformidade co establecido no Regulamento do Servizo.

ARTIGO 4º.—PROCEDIMENTO DE COBRO.

- 1.— A obriga do pago nace dende a data de alta efectiva do usuario como beneficiario do servizo municipal de axuda no fogar.
- 2.— O pago realizarase por meses vencidos, dentro dos 10 primeiros días naturais do mes seguinte.

- 3.— De producirse a devolución dos recibos enviados ó banco, os gastos ocasionados correrán a cargo do titular do recibo.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

26º.—ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS ESPECIAIS.

ARTIGO PRIMEIRO: CONCEPTO

De acordo co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Prezo Público pola prestación de servizos culturais especiais, que se rexerá polo que dispón esta Ordenanza.

ARTIGO SEGUNDO : SUXEITOS OBRIGADOS Ó PAGO

Son suxeitos obrigados ó pago as persoas físicas ou xurídicas que se beneficien dos servizos ou actividades prestadas ou realizadas por este Concello.

ARTIGO TERCEIRO: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible:

- A) A asistencia a espectáculos no Auditorio do Centro Cultural (teatro, cine, danza, música etc...)
- B) Calquera outras actividades culturais especiais que esixan unha prestación de servizos culturais e para as que non se estipule gratuidade

ARTIGO CUARTO: CONTÍAS DAS ACTIVIDADES GRAVADAS

Establécense as seguintes tarifas:

- a) Tarifa normal.....3,50 €
 - b) Entrada reducida.....2,50 €
- (maiores de 65 anos, menores de 12 anos, pensionistas, xubilados, estudantes)

ARTIGO QUINTO: DEVENGO

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír cando se comeza a prestación do servizo.

ARTIGO SEXTO: DECLARACIÓN E INGRESO

Os suxeitos pasivos que se propoñan asistir a espectáculos públicos ou as actividades que motiven a prestación dos servizos regulamentarios nesta ordenanza deberán aboa-la entrada ou ingresa-la cota que corresponda nos prazos estipulados en cada caso.

A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa